

CONVOCATORIA DE AXUDAS “EUROPA EXCELENCIA” 2024

Publicouse no Boletín Oficial do Estado o extracto da Resolución d a Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2024 das axudas a proxectos «Europa Excelencia» do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2021-2023. O texto completo pode consultarse en [baséaa de datos nacional de subvencións co identificador BDNS:750491](#)

As axudas obxecto desta convocatoria están destinadas a financiar gastos de persoal, pequeno equipamento, materiais e outros gastos relacionados cos obxectivos do proxecto.

A convocatoria de proxectos «Europa Excelencia» ten como finalidade mellorar o éxito da participación española nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), nas súas modalidades «Starting Grants», «Consolidator Grants» e «Advanced Grants», enmarcados no Piar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco de Investigación da Unión Europea Horizonte Europa.

Trátase de proxectos de investigación científico-técnicos relacionados cos obxectivos das propostas remitidas e avaliadas positivamente e consideradas elixibles polo ERC, pero que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiadas polo devandito organismo.

O obxectivo da convocatoria é impulsar a internacionalización das actividades de I+D e contribuír ao avance do coñecemento para afrontar os desafíos que a investigación española ten no contexto do Espazo Europeo de Investigación, fomentando a participación de investigadores/as con traxectorias científicas prometedoras.

A contía total máxima das axudas ascende a 2.500.000,00 €

O prazo de presentación de solicitudes será **dende o 23 de abril ata o 9 de maio de 2024** ás 14:00 (hora peninsular española).

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Convocatoria de
Axudas “Europa
Excelencia” 2024

Extracto
Convocatoria de
Axudas “Europa
Excelencia” 2024

Fichas Resumo
Convocatoria de
Axudas “Europa
Excelencia” 2024